



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI002	Lingua estranxeira profesional II - Inglés	2024/2025	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA SUÁREZ ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Segundo o indicado no Real decreto 651/2017, do 23 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en Acondicionamento Físico, este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional. Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa eficaz cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do técnico superior en Acondicionamento Físico nas actividades de ensino e aprendizaxe. A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias xerais do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, para o ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico.
- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira, no ámbito profesional do ciclo formativo.
- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico.
- Vocabulario específico correspondente á terminoloxía do sector profesional.
- Contextos cultural e sociolingüístico, e uso pragmático da lingua estranxeira.
- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.
- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

As persoas que obteñan este título poderán ocupar os seguintes postos de traballo:

- a) Entrenador/a de acondicionamento físico en salas de entrenamiento polivalente de ximnasios ou polideportivos e en instalacións acuáticas.
- b) Entrenador/a de acondicionamento físico para grupos con soporte musical en ximnasios, instalacións acuáticas ou en polideportivos.
- c) Entrenador/a persoal.
- d) Instructor/a de grupos de hidrocinesia e coidado corporal.
- e) Promotor/a de actividades de acondicionamento físico.
- f) Animador de actividades de acondicionamento físico.
- g) Coordinador/a de actividades de acondicionamento físico e de hidrocinesia.
- h) Monitor/a de aeróbic, de step, de ciclo indoor, de fitness acuático e actividades afíns.
- i) Instructor/a das actividades de acondicionamento físico para colectivos especiais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	At the gym		27	50
2	Training and clients		26	50

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	At the gym	27

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico	NO
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.3 Comprenderanse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identifícanse as pautas de cortesía asociadas



Criterios de avaliación
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.1 Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes
CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas
CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas
CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais
CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación
CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego
CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira

4.1.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.



Contidos
Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
Comprensión independente de diferentes tipos de textos.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.
Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.
Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Producción consonte as pautas de cortesía asociadas.
Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.
Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.
Estrutura coherente e recursos cohesivos.
Vocabulario específico do ámbito profesional.
Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.
Elaboración do curriculum vitae.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Training and clients	26

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico superior en Acondicionamento Físico	NO
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico superior en Acondicionamento Físico, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas
CA1.4 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita



Criterios de avaliación
CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias
CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe
CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade
CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional
CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional
CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita

4.2.e) Contidos

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.
Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.
Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.
Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
Comprensión independente de diferentes tipos de textos.



Contidos
Interpretación de gráficos e estatísticas.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.
Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.
Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.
Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.
Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.
Estrutura coherente e recursos cohesivos.
Vocabulario específico do ámbito profesional.
Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.



5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Como mínimo realizarase unha proba en cada trimestre que avaliará, por unha banda, as distintas destrezas comunicativas, incluíndo comprensión oral, produción oral, comprensión escrita e produción escrita; e pola outra, as habilidades lingüísticas, é dicir, gramática e vocabulario, entendéndose éstas como parte intrínseca e indispensable para a construción dunha comunicación efectiva, tal e como queda probado por estaren presentes nos contidos básicos de cada bloque do Real decreto 651/2017, do 23 de xuño, polo que se establece o título de técnico superior en Acondicionamento Físico.

A cualificación desta proba calcularase do seguinte xeito:

- Comprensión oral: 15%
- Produción oral: 15%
- Comprensión escrita: 25%
- Produción escrita: 15%
- Gramática: 15%
- Vocabulario: 15%

No caso de haber máis dunha proba nunha mesma avaliación, farase unha media aritmética entre as probas realizadas. Cada proba ou probas computarán no apartado correspondente de entre os anteriormente citados.

A cualificación de cada avaliación ou trimestre obterase da suma da proba ou probas realizadas na mesma, que suporán o 90% desta nota, e un 10% que se lle outorgará ó traballo realizado na aula (tarefas de produción e interacción orais e/ ou escritas, traducións, etc).

A diferenza da 1º e 2º avaliacións ordinarias, a cualificación da 2ª avaliación será a resultante de aplicar a seguinte ponderación:

- a nota final da primeira avaliación ou da súa recuperación (a máis alta) suporá un 50%
- a nota obtida da suma do 90% asignado á proba/s e o 10% do traballo na aula do 2º trimestre suporá un 50%

Arredondaranse todas as notas á unidade posterior a partir de 0,5

Ante sospeita de malas prácticas por parte do alumnado durante a realización de calquera das probas, esta será retirada, e procederase á repetición da mesma no momento que o/a docente estime oportuno.

CUALIFICACIÓN FINAL



Se a cualificación da 2ª avaliación é 5 ou superior, a cualificación final será a mesma que a da 2ª avaliación.

O alumnado que non aprobe a segunda avaliación tendo en conta a ponderación enriba citada terá que presentarse á proba final para recuperar o módulo.

Nesta proba final eliminarase o peso atribuído ó traballo na aula e cada unha das partes da proba enriba citadas terá o mesmo peso (ó igual que nas avaliacións parciais), obténdose a cualificación final do cálculo da media aritmética entre as 6 partes, a saber:

- Comprensión oral, produción oral, comprensión escrita, produción escrita, gramática e vocabulario.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado avaliado negativamente nalgunha das avaliacións, ao ser un módulo na que os contidos son acumulativos (é dicir, sempre se inclúe o anterior), pode recuperar a materia se resulta avaliado positivamente na seguinte avaliación. O feito de que os contidos anteriores se sigan a incluír nas avaliacións seguintes fai innecesaria unha proba de recuperación tras cada avaliación parcial.

O alumnado avaliado negativamente na 2ª avaliación realizará unha proba extraordinaria final de módulo.

Os alumnos poderán escoller realizar esta proba ou ben na segunda avaliación parcial (previo a realizar a FCT), ou ben na avaliación final de módulo (despois da FCT).

Serán de aplicación os parámetros citados no apartado 5. Obteráse a cualificación final da media aritmética das seis partes da proba, a saber:

- Comprensión oral, produción oral, comprensión escrita, produción escrita, gramática e vocabulario.

Dito alumnado, no caso de precisalo, recibirá material de reforzo para que tamén poida traballar dun xeito individual e autónomo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que por falta de asistencia perda o dereito á avaliación continua (un 10% do número total de horas lectivas segundo o artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011), será avaliado nunha proba final extraordinaria. En tales casos, a valoración das distintas partes na proba final extraordinaria será a mesma que nas probas ordinarias, tal e como se inclúe no apartado 5 e se repite de novo a continuación:

Obteráse a cualificación final da media aritmética das seis partes da proba, a saber:

- Comprensión oral, produción oral, comprensión escrita, produción escrita, gramática e vocabulario.

Os alumnos poderán escoller realizar esta proba ou ben na segunda avaliación parcial (previo a realizar a FCT), ou ben na avaliación final de módulo (despois da FCT).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase seguindo a lexislación vixente e cumprindo coas directrices marcadas pola web da Consellería de Educación "EduCalidade".

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Antes de realizar a avaliación inicial teremos que ter en conta diversos factores:

1. A tipoloxía do alumnado é completamente descoñecida.
2. O nivel de formación previa é tamén descoñecido, aínda que o tipo de acceso (proba específica, título de bacharel, etc) indica que pode haber gran diversidade de coñecementos.

Vistos estes factores, a avaliación inicial do módulo realizarase a título informativo coa fin de identificar o nivel de partida e detectar as necesidades xerais e individuais. Para iso efectuaranse diversas probas que serán as indicadas para un grupo tipo que rematou, en principio, 2º de Bacharelato. Faranse probas de coñecementos gramaticais, vocabulario xeral, comprensión lectora e auditiva, e expresión escrita. A avaliación da capacidade oral será a través dos rexistros de aula nas sesións iniciais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Co obxectivo de atender á diversidade de estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, recurrirase a materiais variados, alternando os enfocados na aprendizaxe visual, na auditiva e na kinestésica. Do mesmo xeito, empregaránse diferentes tipos de agrupamentos que poidan beneficiar un mellor ritmo de traballo dependendo da actividade.



O alumnado que non responda aos obxectivos programados recibirá material de apoio e reforzo en función das súas necesidades.

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, poderán solicitar flexibilización modular, segundo a Orde de 12 de xullo de 2011, capítulo VI, artigos 15, 16 e 17.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A través das actividades propostas durante o curso, farase un continuo traballo sobre elementos básicos do desenvolvemento da educación en valores, tales así como o respecto, o coñecemento e recoñecemento do outro, a convivencia, e a equidade.

Asimesmo, traballarase en dar coñecemento e aplicación ós protocolos propios das culturas de referencia, á identificación das crenzas e valores, e á aplicación das normas de relación social. Deste xeito, teranse sempre en consideración, dentro das diferentes actividades do curso, o uso de fórmulas de expresión axeitadas en función da orixe cultural e social dos falantes dunha conversa.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado deste ciclo poderá participar en todas as actividades complementarias que se organicen no departamento de inglés.